

ANUNCIO

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DATA: 22/08/2023

PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE DE INGLÉS CURSO 2023/2024

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás clases formativas no inglés nas seguintes modalidades:

- Escola de Inglés: para nados e nadas entre o 2007 e o 2020.
- Clases de Inglés para persoas adultas: para nados e nadas antes do 2007.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

- Escola de Inglés: os pais, nais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos da “Escola de Inglés” referida no artigo anterior.
- Clases de Inglés para persoas adultas: as persoas beneficiarias do servizo “Clases de Inglés para persoas adultas” ou os pais; as nais; titores ou responsables de quen se beneficie do servizo “Clases de Inglés para persoas adultas” referida no artigo anterior.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada acción é:

| | |
|---------------------------------------|----------|
| Escola de inglés | 30 €/mes |
| Clases de inglés para persoas adultas | 35 €/mes |

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na actividade. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 10 días de cada mes do curso realizado.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. A actividade terá unha permanencia mínima de 6 meses, agás causa debidamente xustificada.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro

(Documento asinado dixitalmente)